FEDERACIÓN GALEGA DE NATACIÓN
Avenida de Glasgow, 13
CP 15008 - A Coruña
www.fegan.org - info@fegan.org

CAMPIONATO GALEGO DE WÁTER-POLO INFANTIL

Tempada 2010 – 2011. Circular 10-39.

1.- PARTICIPACIÓN.

1.1.- Poderán tomar parte todos aqueles clubes inscritos na FEGAN, até un máximo de dous equipos por clube.

Como caso excepcional un clube poderá inscribir até 3 equipos. Devandito caso virá condicionado polo Sistema de competición Modelo 6.

1.2.- Os xogadores deberán estar en posesión de licenza federativa de calquera modalidade da FEGAN.

1.3.- É de obrigado cumprimento para participar en devandito Campionato que todos os clubes presenten unha relación de xogadores segundo o ANEXO 1, onde figure o nome completo, a data de nacemento, o número de gorro con que disputará o encontro e o número de licenza Federativa acompañado da presentación do carné federativo antes de cada encontro.

1.4.- A idade dos xogadores será a dos nacidos no ano 97 e posteriores na categoría masculina e feminina.

2.- INSCRICIÓNS.

2.1.- Os clubes deberán confirmar a súa participación á FEGAN e remitir o ANEXO 1 debidamente cumprimentado utilizando un medio fidedigno polo menos 15 días antes da celebración do campionato.

2.2.- Os clubes que non cumpran os requisitos establecidos no punto anterior (2.1) quedarán automaticamente excluídos do campionato galego infantil.

2.3.- Unha vez finalizado o prazo e en función do número de equipos inscritos a FEGAN comunicará o Sistema de Xogo a empregar.

3.- CALENDARIO.

3.1.- Celebraranse dous Campionatos un de inverno e un de verán segundo calendario. As datas poden ser modificadas sempre que afecten dalgún xeito e previa xustificación ás competicións nacionais, nese caso comunicaríanse oportunamente a todos os clubes, volvendo fixar os novos prazos de inscrición.

4.- SISTEMA DE XOGO.

4.1.- Procurarase que se disputen o maior número de partidos posibles, aínda que, e tendo en conta a idade dos participantes, os partidos poderán organizarse con menor duración que a habitual, a expensas en todo caso das inscricións recibidas.

4.2.- O horario dos encontros así como o número de partidos en cada xornada (mañá-tarde) determinarao o clube organizador en función da dispoñibilidade horaria da instalación.

4.3.- En todos os partidos e en todos os sistemas de competición acabarán cun vencedor (sen posibilidade de empate).

4.4.- Xogarase conforme á normativa de wáter-polo publicada, modificando a duración do partido en función do número de equipos e partidos.

4.5.- O sistema de xogo a empregar quedará supeditado ao número de equipos inscritos. Para conseguir unha maior celeridade á hora de concretar que sistema de xogo se empregará en cada tempada, achéganse os modelos para o coñecemento de todos os clubes galegos.

4.6.- No caso de que nun Sistema de Xogo existisen 2 opcións distintas a empregar, a FEGAN será quen decida que sistema de xogo se empregará.

5.- OBRIGAS DOS EQUIPOS.

5.1.- O equipo anfitrión sinalará á Secretaría da competición, antes do inicio do partido, quen é o DELEGADO DE CAMPO.

5.2.- O equipo anfitrión deberá dispor de actas, 3 cronómetros e as bandeiras de sinalización, e disporá

FEDERACIÓN GALEGA DE NATACIÓN
Avenida de Glasgow, 13
CP 15008 - A Coruña
www.fegan.org - info@fegan.org

conforme ás obrigacións que se especifican no Regulamento Xeral. (Sen prexuízo do anteriormente especificado, o equipo arbitral disporá sempre de actas para os partidos e chifres).

6.- Títulos e premios.

6.1 Ao rematar a competición entregarase un trofeo ao equipo campión e trofeo-recordatorio a cada equipo participante e medallas aos compoñentes dos tres primeiros equipos clasificados e recordatorio a os compoñentes dos restantes equipos participantes.

A Coruña, 9 de xullo de 2010.

Secretaría Xeral FEGAN